

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.**Artigo 1. Normativa aplicable.**

O imposto sobre actividades económicas rexerese neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras do mesmo contidas no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenrolen dita lei.
- b) Polas tarifas e instrucción do imposto, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e Real decreto legislativo 1259/1991, do 2 de agosto.
- c) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Cota tributaria.

A cota tributaria será o resultado de aplicar á cota de tarifa do imposto a que se refire o artigo seguinte, o coeficiente de ponderación regulado no artigo 4 e, no seu caso, o coeficiente de situación regulado no artigo 5, ambos da presente ordenanza fiscal.

Artigo 3. Cota de tarifa.

A cota de tarifa será a resultante de aplicar as tarifas e instrucción do imposto aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e polo Real decreto legislativo 1259/1991, do 2 de agosto.

Artigo 4. Coeficiente de ponderación.

De acordo co que prevé o artigo 86 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, sobre as cotas municipais de tarifa aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cuadro:

| Importe neto da cifra de negocios | Coeficiente |
|--|--------------------|
| Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00 | 1,29 |
| Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00 | 1,30 |
| Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00 | 1,32 |
| Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00 | 1,33 |
| Máis de 100.000.000,00 | 1,35 |
| Sen cifra neta de negocio | 1,31 |

Ós efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo.

Artigo 5. Coeficiente de situación.

1. Sobre as cotas municipais de tarifa, modificadas por aplicación do coeficiente de ponderación regulado no artigo 4 desta ordenanza fiscal, aplicarase o índice que corresponda dos sinalados no cadro establecido no apartado seguinte, en función da categoría da rúa do municipio na que esté situado o local no que se exerza a actividade respectiva.

2. Establécese o seguinte cadro de coeficientes de situación:

Categoría fiscal das vías públicas

| | | | |
|-----------------------|-----------------------|----------------------|-----------------------|
| | 1.^a | 2^o | 3.^a |
| Coeficiente aplicable | 3,40 | 2,9 | 1,10 |

3. A efectos da aplicación do cadro de coeficientes establecido no apartado anterior, no anexo á presente ordenanza fiscal recóllese o índice alfabético das vías públicas deste municipio, con expresión da categoría fiscal que corresponde a cada unha delas.

As vías públicas que non aparezan en dito índice alfabético, serán consideradas de última categoría, e permanecerán así clasificadas ata o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquél no que o Pleno deste Concello aprobe a súa clasificación fiscal específica e inclusión no mencionado índice.

4. O coeficiente aplicable a cada local ven determinado polo correspondente á categoría da rúa onde aquel teña sinalado o número de policía ou esté situado o seu acceso principal.”

Artigo 6. Bonificacións.

1. Sobre a cota tributaria do imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

a) As cooperativas, así como as unións, federacións e confederacións das mesmas e as sociedades agrarias de transformación, terán a bonificación prevista na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das cooperativas, que ascende ó 95 por cento.

b) Unha bonificación do 50 por cento da cota correspondente, para aqueles que inicien o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcurridos cinco anos dende a finalización da exención prevista na letra b) do apartado 1 do artigo 82 do RDI 2/2004.

c) Unha bonificación por creación de emprego do 30 por cento da cota correspondente, para aqueles que tributen por cota municipal e que incrementaran o promedio da súa plantilla en máis de dez traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ó de aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel.

2. Os suxeitos pasivos que teñan dereito ás bonificacións reguladas no apartado anterior, por cumprir os requisitos establecidos para o seu disfrute, aplicarán a bonificación correspondente na súa propia autoliquidación.

Artigo 7.-Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

ANEXO

Índice alfabético de vías públicas e categoría fiscal das vías públicas por parroquias.

Parroquia de Xesteda

1ª categoría: Sucasro, Boimil e A Fraga.

3ª categoría: resto.

Parroquia de Queixas

1ª categoría: Areosa.

3ª categoría: resto.

Parroquia de Meirama

1ª categoría: resto.

3ª categoría: A Gándara, O Pazo, Longo, O Pedamúa, A Capela, A Picota e Picardel.

Parroquia de As Encrobas

1ª categoría: resto.

3ª categoría: Xalo, A Lousa e Tinajas.

Parroquia de Rodís

1ª categoría: monte Cerdeira.

3ª categoría: resto.

Parroquia de Cerceda

1ª categoría: resto.”

2ª categoría: Todas as rúas ubicadas no polígono industrial do Acevedo.

3ª categoría: Avda. Mesón, Avda. Coruña, Rosalía de Castro, Alexandre Bóveda, Rivasoutas, Piñeiro, Alga, Avda. Fernando González Laxe, Esperón, Fontaiña, Pumar, Rabadeira, Pedreira, Guntín, Rúa de Gaitas e Avda.de Galicia.